

CONTRATO DE OBRAS

DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS

ANUNCIO

- **Entidade licitadora:** DIOCESE TUI-VIGO
- **Título expediente:** 2ª Fase de Actuación no Conxunto Catedralicio de Tui.
- **Importe con IVE:** 583.381,81 €
- **Prazo execución:** 9 meses
- **Prazo de garantía:** 1 ano

OBXECTO DO CONTRATO:

Constitúe o obxecto do contrato a execución das obras da 2ª Fase de Actuación no Conxunto Catedralicio de Tui, segundo proxecto.

NECESIDADES:

As necesidades son:

A execución de obras de actuación no Conxunto Catedralicio, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto D. Iago Seara Morales, de data maio de 2021, que se achegará no momento en que comunique a esta institución o interese para presentar un presuposto.

CONDICIÓNS DO CONTRATO:

- O prazo de execución das obras será de 9 meses, dende a sinatura da acta de comprobación de replanteo. A adxudicación do contrato será comunicada por vía electrónica.
- Presentarase unha memoria técnica descritiva dos traballos a realizar, que deberá incluír a seguinte documentación:
 - Análise da obra e influencias externas.
 - Planning dos traballos a realizar na execución das obras.
 - Relación de medios materiais.
 - Equipos de traballo.
 - Subcontratacións a realizar.

- A calidade dos materiais subministrados e instalados deberá ser a óptima, e cumprindo coa memoria, sen menoscabo ningún por causa do seu transporte ou manipulación previa á súa entrega ou disposición en obra.
- Prazo de garantía da obra executada e materiais empregados, segundo o disposto no proxecto.

IMPORTE CONTRATO:

A continuación detallase o orzamento:

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	405.154,40
GASTOS XERAIS (13%)	52.670,07
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	24.309,26
SUBTOTAL (EM+GX+BI)	482.133,73
IVE (%21)	101.248,08
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	583.381,81

O orzamento ascende a cantidade total de **CINCOCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS OITENTA E UN euros con OITENTA E UN céntimos de euro ive incluído (583.381,81)**.

PRESENTACIÓN OFERTAS:

A presentación de ofertas realizarase nos seguintes prazos e términos:

A/ Prazo ou data límite de presentación: establecece en 20 días hábiles dende a notificación deste anuncio na páxina web deste Bispado de Tui-Vigo. As ofertas que, na data de finalización deste prazo, non tivesen entrada no Bispado de Tui-Vigo quedarán excluídas.

B/ Lugar: A documentación entregarase no Bispado de Tui-Vigo (r/ Doctor Corbal, 90-Vigo) ou por correo electrónico a economia@diocesetuivigo.org

CRITERIO PARA A ADXUDICACIÓN:

Ter o Certificado K7: para *Obras Especiais*, Subgrupo *Restauración de bens inmobles histórico-artísticos*, conforme ós artigos 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001.

Establécese un sistema de puntuación sobre **100 puntos**, distribuídos nos seguintes apartados.

- O menor prezo respecto ao presuposto máximo de licitación, que en ningún caso poderá ser superior ao importe licitado. **(40 puntos)**

Si a oferta é inferior en 5% a media das ofertas validas presentadas, a puntuación será de 0 puntos neste apartado.

$$Of < (Om - ((5 * Om) / 100))$$

Onde:

Of = Oferta realizada

Om = Medias das ofertas validas presentadas

Se aplicará a seguinte fórmula de avaliación económica:

$$Po = Pm * \frac{Pl - Of}{Pl - Oe}$$

Onde:

Po= Puntuación Obtida

Pl = Prezo de licitación

Of = Oferta realizada

Pm = Puntuación máxima posible

Oe = Oferta mais económica

- O prazo de garantía total na execución das obras incluíndo os materiais empregados e, avaliándose as ofertas por cada ano completo de garantía ofertado a partires do segundo ano e ata un máximo de catro anos **(15 puntos)**, adxudicándose 5 puntos por cada ano completo de garantía:

- Garantía de 2 anos..... 5 puntos.
- Garantía de 3 anos..... 10 puntos.
- Garantía de 4 anos..... 15 puntos.

- Memoria técnica descriptiva dos traballos a realizar **(25 puntos)**.

Puntuándose da seguinte maneira a documentación presentada:

Análise da obra e influencias externas (*entre outros, compatibilidade cos usos culturais e culturais da Catedral, por exemplo: visitas turísticas e horarios de culto,...*).....10 puntos

- Planning dos traballos a realizar na execución das obras.5 puntos
- Equipos de traballo mínimos na obra5 puntos

Os licitadores deberán achegar o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios materiais e persoais suficientes, que deberán concretar na súa oferta.

Identificaranse obrigatoriamente as persoas e postos asignados e xuntarase *curriculum vitae* e xustificante da titulación académica –no caso de ser requirida para o posto en cuestión– de cada un dos integrantes de acordo coa relación de medios persoais mínimos.

- **Delegado do Contratista:** Persoa designada expresamente pola empresa e aceptada polo Bispado de Tui-Vigo con capacidade suficiente para ostentar a representación do Contratista no cumprimento das obrigas contractuais, así como en calquera momento en que sexa necesaria a presenza ou actuación deste e sempre en orden á execución e boa marcha das obras.

- **Xefe de Obra:** Arquitecto ou arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, con práctica profesional acreditada suficiente en obras semellantes e capacidade suficiente para organizar a execución das obras e poñer en práctica as ordes recibidas da Dirección facultativa así como propoñer ou colaborar con ela na resolución dos problemas que xurdan durante a execución da obra. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra e dedicación plena e exclusiva a estas obras. Terá a obriga de emitir un informe mensual que axuntarase a cada unha das certificacións e sen o cal estas non poderán ser tramitadas ante o Bispado de Tui-Vigo. Neste informe reflectirase o avance da obra comparando a efectivamente executada co previsto no Plan de Obra valorado economicamente, que deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa e pola Bispado de Tui-Vigo antes de comezar a obra. Haberá de conter ademais un mínimo de catro fotos nas que se amosará o aspecto xeral de cada unha das escarpas de obra abertas.

- **Encargado de obra:** Sen formación específica requirida e con suficiente práctica profesional acreditada como encargado de obra en obras semellantes. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra con dedicación plena e exclusiva.

Este compromiso completarse mediante a presentación da seguinte documentación:

- Se os medios materiais e persoais pertencen xa á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos.
- Se os medios persoais e materiais non pertencen á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos, acompañando declaración do compromiso por parte do persoal externo ou dos titulares dos medios materiais alleos.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

O interesado deberá presentar a seguinte documentación:

- Os empresarios individuais: copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas: a escritura, ou os documentos en que conste a constitución da entidade, e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- Datos de contacto do responsable do contrato: datos fiscais do interesado, teléfono, fax, correo electrónico, persoa de contacto.
- Documentos acreditativos da representación: cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor do que ou dos que subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do apoderado ou dos apoderados.
- Datos de contacto do responsable durante a obra: nome, cargo teléfono, correo electrónico.
- Declaración responsable segundo modelo adxunto a este anuncio (Anexo I).
- Oferta económica de acordo co modelo adxunto a este anuncio (Anexo II).
- Memoria técnica descritiva dos traballos a realizar, máximo 20 follas A4 por unha cara (as páxinas A3 contan como dúas A4, tamaño letra mínimo Arial 10). **O incumprimento desde apartado fará que se aplique un factor corrector de 0,5 á puntuación obtida no apartado de puntuación da memoria técnica.**
- Certificado K7: para Obras Especiais, Subgrupo Restauración de bens inmobles histórico-artísticos,
- Copia do REA Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia ou no Ministerio de Economía e Facenda, para intervir no proceso de contratación no sector da construción.
- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si así o fixo de forma individual ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar a non admisión de todas as propostas por él subscritas.

OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

En canto teñan interese en presentar unha oferta de presuposto para dita obra deben pedir o Proxecto a través do correo electrónico economia@diocesetuivigo.org e se lles enviará completo.

Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Máis información no 627 068 962.

CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES:

RESOLUCIÓN:

A resolución do contrato terá lugar nos supostos cando se produzan incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais fixados para a execución do contrato que fagan presumiblemente razoable a imposibilidade de cumprir o prazo total, sempre que o órgano de contratación non opte pola imposición das penalidades.

PENALIDADES:

- Demora na execución. A demora no cumprimento dos prazos por parte dos adxudicatarios, tanto prazo de comenzo da obra coma de fin da obra. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurriera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a propiedade poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición das seguintes penalidades diarias na la proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

- Incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso nas calidades, acabados e dimensións dos materiais empregados, segundo as condicións particulares de execución. Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso, exixirase ao contratista a indemnización por danos e prexuízos. As penalidades previstas impóranse e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Como base de imposición se establecen as seguintes de penalidades diarias de 0,50 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído, ata que sexan reparados os defectos informados.

CONDICIÓNS PARTICULARES DE EXECUCIÓN:

- O contratista terá como máximo 10 días hábiles, a contar unha vez recibida a comunicación de adxudicación, para entregar a seguinte documentación:
 - Documento de xestión preventiva na obra, incluíndo avaliación de riscos específica para a obra de referencia.

- Plan de Seguridade e Saúde se existen empresas subcontratadas, dilixenciando o libro de subcontratacións.
- Plan real de traballos a executar no prazo máximo da obra establecido.
- Plano do valado de obra, zona de acopios e servizos afectados.
- Ficha dos materiais a empregar ou instalar.
- Copia da comunicación ao organismo competente da apertura do centro de traballo.
- Unha vez recibida, revisada e aprobada a documentación técnica entregada, se notificará vía electrónica o comezo da obra e terá un prazo máximo de 10 días hábiles para a firma do Acta de Comprobación de repranteo en obra.
- As obras deberán ser executadas de conformidade coa memoria/proxecto redactado polo arquitecto D. Iago Seara Morales, conforme ao establecido no clausulado neste documento, e conforme as instrucións que para a súa interpretación se dé ao contratista a dirección facultativa ou responsable do contrato.
- A calidade dos materiais empregados, así como a da execución dos traballos encomendados, deberá manterse durante a garantía especificada polo contratista das obras.
- Os residuos da obra serán xestionados en vertedoiro autorizado a costa do adxudicatario.
- Deberase cumprir con toda a normativa vixente de aplicación para esta obra. A normativa de Prevención de Riscos Laborais será de obrigado cumprimento por parte do contratista.
- Tódolos permisos, autorizacións e legalizacións serán por conta do contratista e xestionados polo mesmo. As solicitudes preceptivas que deban realizarse a outros servizos/organismos, durante a execución das obras, realizaranse por conta do contratista.
- Os entullos e terras non aptas para a súa reutilización, retiraranse da zona de obras diariamente, sempre que sexa posible, e en todo caso antes das fins de semana e festivos.
- Todos os gastos correspondentes ao suministro de enerxía eléctrica e auga para a execución das obras correrán a cargo do adxudicatario.
- A sinalización das obras durante a súa execución e ata a finalización das mesmas correrá a cargo do contratista. Durante o transcurso das obras, todo o perímetro da zona afectada pola obra estará debidamente valado e sinalizado, tendo en conta as medidas de seguridade e saúde pertinentes. O valado do perímetro incluirá carteis co logotipo do Bispado de Tui-Vigo e mais do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, de tamaño mínimo 30x20cm.

- Na zona de obra instalarase un cartel de obra de tamaño mínimo de 100cmx70cm de deseño a definir polo licitador. O deseño, subministro, colocación e retirada correrán por conta do contratista.
- A retirada ou desprazamento dos posibles elementos vexetais existentes (árbores ou arbustos) ou mobiliario urbano influenciados pola obra, non indicados en partidas do orzamento, coordinaranse co servizo municipal encargado ou coa empresa de mantemento que lle corresponda.
- En canto aos acabados de certos materiais ou elementos a definir pola propiedade, deberán presentar proposta previa para a súa validación antes de acometer os traballos.
- Estará incluído todo o material, man de obra, traslados, carga e descarga, maquinaria e medios auxiliares necesarios para a execución da obra. No orzamento estará incluído o subministro, embalaxe, instalación e transporte de todo o material e medios a empregar na obra.
- O expediente de referencia comprende tódolos elementos e obras necesarios e constitúe unha obra completa, para lograr o fin proposto.
- Ante a discrepancia das calidades dos materiais subministrados cos indicados na memoria, a propiedade poderá solicitar análises técnicos externos en laboratorios de prestixio contrastado a conta do adxudicatario.
- Unha vez finalizada a obra, e previa a recepción da mesma, deberanse entregar memoria final dos traballos realizados incluíndo os seguintes apartados: memoria, planos, fotos, certificados dos elementos empregados,...
- O director de obra poderá mandar realizar alteracións ou cambios na execución da obra, debido a circunstancias aparecidas durante a execución da mesma, previo aviso ao contratista.
- Para a finalización da obra, realizarase nos terreos da obra, a firma da acta de recepción, e sempre que está todo conforme segundo o proxecto técnico e as indicacións da dirección de obra. O obxecto da prestación quedará suxeito a un prazo de garantía mínima dun ano ou a garantía máxima proposta polo adxudicatario, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Propiedade poderá comprobar que o traballo realizado axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, a Propiedade terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

PAGOS:

- Réxime de pagamento: Farase un pago inicial do 10% do presuposto total da obra.

O abono dos seguintes traballos realizarase por certificacións mensuais dos traballos executados.

A tal efecto, nos dez primeiros días de cada mes, certificarase polo CONSTRUCTOR, medindo conxuntamente coa DIRECCION FACULTATIVA a obra realizada durante o mes anterior (sen prexuízo da asistencia da PROPIEDAD, se o desexa) que, valorada ós prezos unitarios da oferta, constituirá a certificación mensual.

Cada certificación dará lugar a unha factura mensual, sempre a orixe, cuxo montante expresarase en porcentaxe do total deste contrato e que será remitida á Propiedade para o seu pago, co Visto Bo da Dirección Facultativa.

Do total de cada unha destas certificacións a propiedade aboará o 85% da mesma mediante ingreso en conta a nome do CONSTRUCTOR, detraendo a porcentaxe correspondente ó 10% adiantado no primeiro pago e quedando o resto (5%) retido en concepto de garantía, que será pagado á recepción definitiva da obra.

Ditos abonos mensuais non suporán, en ningún caso, aprobación ou recepción das obras realizadas ata o momento, xa que os mesmos terán o concepto de anticipo a conta.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONTRATISTA

Don/Dona....., con DNI n.º, en nome propio ou en representación da empresa, con CIF....., en calidade de, enterado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de obras consistente en, comprométese a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos requisitos e condicións expresados na solicitude de oferta, pola cantidade de:

Importe Base:

Importe IVE:

Importe Total:

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade:

1. Que acepta as condicións do contrato.
2. Que ostenta a capacidade de representación da entidade de referencia.
3. Que cumpre coas obrigas establecidas na normativa vixente en materia laboral, social e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
4. Que manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, cumprindo, en todo caso, o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.
5. Que ten a contratación dunha Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil por unha contía de capital asegurado por sinistro de máis do dobre do importe de licitación que cubre as posibles responsabilidades nas que puidera incorrer como consecuencia da execución do contrato, incluíndo a responsabilidade civil por danos a terceiros, tanto a persoas como a cosas.
6. Que a dirección de correo electrónico habilitada en que efectuar notificacións é _____.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houberse lugar.

O contratista.

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA DO CONTRATISTA

Don/Dona, con N.I.F. nº,
en nome propio (ou en representación de), informado
da licitación para a contratación das obras de manifesta:

Que acepta e coñece as condicións técnicas da memoria valorada/proxecto que define o
obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente
contratación.

1.- Que propón como prezo **sen IVE** do contrato o de euros, sendo a cota
correspondente ao IVE a de euros, o que supón un prezo total do contrato de
..... euros (**IVE engadido**).

2.- Que propón un prazo de garantía **total** das obras e materiais empregados de
anos, incluído o ano de obrigado cumprimento.

3.- Que SI/NON presenta a memoria técnica descritiva dos traballos a realizar segundo as
especificacións establecidas.

O contratista